

CONVOCATORIA PARA A REALIZACIÓN DO TRABALLO FIN DE GRAO (TFG) PARA O CURSO ACADÉMICO 2023-2024

En virtude da normativa vixente na USC sobre a materia de Fin de Grao, este decanato convoca o procedemento para a realización de TFG no Grao en Ciencia Política e da Administración durante o curso académico 2023-2024.

1. OBXECTIVO

O Trballo de Fin de Grao [en adiante, TFG] ten como obxectivo principal que os/as estudantes acrediten os coñecementos e as destrezas adquiridas durante os estudos realizados na titulación de Grao en Ciencia Política e da Administración.

2. DURACIÓN

Segundo o plan de estudos do Grao en Ciencia Política e da Administración:

- para o alumnado matriculado da materia *G3011427 Trballo de Fin de Grao* (PLANO DE ESTUDIOS DE 2008 CON MODIFICACIÓN DO CUARTO CURSO) o TFG ten unha carga docente de 14 créditos ECTS, o que supón 350 horas de dedicación.
- para o alumnado matriculado da materia *G3011422 Trballo de Fin de Grao* (PLANO DE ESTUDIOS DE 2008 SEN MODIFICACIÓN DO CUARTO CURSO), o TFG ten unha carga docente de 30 créditos ECTS, o que supón 750 horas de dedicación.

3. REQUISITOS DOS ASPIRANTES

O alumnado **deberá estar matriculado** no presente curso na materia *Trballo de Fin de Grao* (*G3011422* ou *G3011427*) para poder realizar o TFG. Para a presentación e defensa do TFG será requisito necesario ter superados todos os demais créditos do grao.

4. PROCEDEMENTO DE TITORIZACIÓN DO TFG PARA ALUMNADO QUE CONTINUA MATRICULADO NO TFG DENDE O CURSO ANTERIOR

As persoas matriculadas na materia *Trballo de Fin de Grao* (*G3011422* ou *G3011427*) en cursos anteriores deberán comunicarlle ao decanato (ao correo politicas.decanato@usc.gal) **ata o 23 de outubro inclusive** se desexan seguir co mesmo titor/a. A facultade solicitará aos docentes afectados unha confirmación de que desexan continuar titorizando ao alumno/a.

De non solicitar manter o mesmo titor/a ou no caso de que o titor/a anterior non desexe seguir titorizando ao alumno/a –eventualidade que será comunicada ao alumno correspondente–, pasarán ao procedemento xeral de asignación (seguinte punto).

5. PROCEDEMENTO XERAL DE ASIGNACIÓN DE TITOR/A

Tras a confirmación de titor/a ao alumnado que continúa desde o curso anterior, **publicarase a listaxe de titores/as dispoñibles con indicación do número de TFGs que poderán titorizar e as liñas**

de estudo que o/a docente propón. Igualmente, farase pública no Taboleiro Electrónico da USC a relación provisional de matriculados/as (identificados mediante DNI), ordenada en función da súa cualificación media, calculada segundo o protocolo do SUG.

Se alguén está descontento coa súa cualificación media, poderá presentar unha reclamación na secretaría do decanato da Facultade (politicas.decanato@usc.gal) no prazo de 3 días contados a partir do día seguinte á publicación da lista de admitidos e excluídos.

Unha vez finalizado o prazo de reclamación, publicarase a relación definitiva de matriculados/as ordenada en función da súa cualificación media. Terase en conta a cualificación media que figure no expediente do/da solicitante o día 20 de outubro de 2023.

As persoas matriculadas da materia TFG, a excepción daquelas que manteñen o titor/a do curso anterior, serán convocadas para elixir o titor/a en sesión pública e presencial no Salón de Graos da Facultade de Ciencias Políticas e Sociais o día 30 de outubro de 2023 ás 14:00 horas.

Coordinarán este acto, cando menos, un representante do equipo decanal, ou persoa na que se delegue, e o responsable da unidade de apoio á xestión de centros e departamentos. Quien por causas xustificadas non poidan estar presente no acto de adxudicación, poderá solicitar por correo electrónico á secretaría do decanato (politicas.decanato@usc.gal) que a substitúa outra persoa da súa elección debidamente identificada. Esta solicitude deberá ser enviada como moi tarde ás 23:59 horas do día 27. No acto chamarase ás persoas admitidas seguindo a orde de prelación da nota media, de maior a menor, que irán expresando a súa preferencia en función da dispoñibilidade de titores/as.

O resultado da asignación de titor/a publicarase nunha resolución provisional no Taboleiro Electrónico da USC. Quien estea descontento coa adxudicación poderá presentar unha reclamación no prazo de 3 días. Finalizado o prazo de reclamación, publicarase a asignación definitiva de titores/as, que se fará pública da mesma maneira. Unha vez asignado o/a titor/a, non se poderá realizar ningún cambio, salvo casos excepcionais debidamente xustificadas. Aos alumnos/as matriculados que non asistan nin designen un representante, a facultade asignaralles un titor/a entre os docentes que non cubran a cota de traballos. A aquelas persoas que se matriculen no segundo período de matrícula (febreiro), facilitaráselles a escolla de titor de entre aqueles que non esgotaron a súa cota, tamén por orde de media.

6. CONVOCATORIAS

A matrícula dará dereito á entrega e defensa do traballo en dúas oportunidades dentro das tres previstas -durante o curso académico- nesta convocatoria. O alumnado matriculado no TFG que non deposite o traballo nas oportunidades previstas nesta convocatoria, obterá a cualificación de *Non Presentado*. A dita cualificación de *Non presentado* computará para os efectos de consumir o número máximo de convocatorias. O alumnado matriculado no TFG que depositara o traballo e non se presentara á súa defensa obterá a cualificación de suspenso nesa oportunidade. Convén lembrar que o número máximo de convocatorias -en diferentes cursos- que poderá consumir o alumnado será de catro.

O alumnado que decida non presentar o TFG neste curso académico poderá solicitar a renuncia á convocatoria a través da súa Secretaría Virtual nos prazos establecidos na convocatoria de matrícula

(do 22 de maio ao 12 de xuño de 2024 ou do 19 ao 26 de xullo de 2024). A renuncia non xerará dereitos de devolución de prezos públicos.

CALENDARIO

Na seguinte táboa recóllense as datas de depósito e defensa dos TFG para o curso 2023/2024

	Oportunidade de Febreiro	Oportunidade de Xullo	Oportunidade de Setembro
Prazo para entregar o formulario de solicitude de defensa e depósito dos TFG	Do 15 ao 25 de xaneiro de 2024	Do 3 ao 14 de xuño de 2024	Do 16 xullo ao 26 de xullo de 2024
Datas de defensa dos TFG	Do 1 ao 21 de febreiro de 2024	Do 18 de xuño ao 19 de xullo de 2024	Do 2 ao 16 de setembro de 2024

7. DEPÓSITO E DEFENSA DOS TFG

Dentro dos prazos establecidos no punto anterior, os/as interesados/as en defender o traballo deberán depositalo a través da **secretaría virtual**. Na portada do traballo, ademais do nome do autor/a, debe figurar o título do traballo en galego, castelán e inglés.

Na súa solicitude de defensa (secretaría virtual), o alumno/a deberá especificar cal é o procedemento de avaliación ao que desexa someter o seu traballo, elixindo entre dúas opcións:

- Defensa pública perante un tribunal**, que poderá outorgar unha cualificación de ata dez puntos. Neste caso, o alumno/a deberá achegar tres copias impresas do TFG (depositadas na secretaría do decanato).
- Defensa pública perante o titor/a**, que poderá outorgar unha cualificación máxima de sete puntos. Neste caso, o alumno/a deberá achegar unha copia impresa do traballo ao titor/a.

En calquera caso, o TFG deberá ser exposto oralmente (ante o tribunal ou ante o titor/a, segundo corresponda) e os aspectos que serán tidos en conta na súa avaliación son os recollidos tanto no artigo 19 do Regulamento como na Guía Docente do TFG, que está accesible na web da Facultade.

8. MARCO XURÍDICO

Ademais de por esta convocatoria, a realización do TFG no Grao de Ciencia Política e da Administración está regulada pola **Normativa de matrícula, elaboración e defensa dos Traballos de Fin de Grao e Fin de Máster na Universidade de Santiago de Compostela** (aprobada polo Consello de Goberno de 10 de marzo de 2016), polo **regulamento propio do centro** (Consello de Goberno 20-12-2018) e pola **Resolución reitoral sobre procedemento de avaliación previa de traballos de fin de estudos e outros traballos académicos no caso de intervención con seres humanos, obtención de mostras ou de datos persoais**, de 07 de maio de 2021.

O decano,
Ramón A. Bouzas Lorenzo

Documento asinado dixitalmente conforme a Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE nº 236 do 2 de outubro de 2015).

BORRADOR

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: RAMON ANGEL BOUZAS LORENZO, DECANO A DA FACULTADE DE CIENCIAS POLITICAS E SOCIAIS, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 17/10/2023 17:54:51.

CSV: C30F-AB85-437C-864E